

1.- Vocabulario científico da unidade:

Palabra	Definición

2.- Cal é a principal función do aparello circulatorio?

3.- Fai un esquema con todos os elementos do aparello circulatorio.

4.- Que consecuencias pode traer para a nosa saúde ter un número de glóbulos vermellos por debaixo do normal? E de brancos?

5.- Investiga en Internet en que consiste a hemofilia, explico e indica cales poden ser as consecuencias dun corte profundo na pel dunha persoa que sofre esta enfermidade.

6.- Que diferenzas hai entre unha vea e unha arteria?

7.- A que cres que pode ser debido, que segundo a lenda de Dracula, os vampiros sempre mordan no pescozo?

Ficha 1

- 8.-** Busca en Internet o nome das válvulas do corazón.
- 9.-** Que podería ocorrer se estas válvulas no funcionasen correctamente?
- 10.-** Seguramente xa terás oído sobre a existencia de corazóns artificiais, que pensas que poden facer estes dispositivos?
- 11.-** Para que empregan os médicos o estetoscopio?
- 12.-** Investiga e explica que é un "soplo no corazón".
- 13.-** Os exercicios cardiovasculares son moi recomendables a todas as idades. En que consisten?
- 14.-** Enumera as principais diferenzas entre a circulación pulmonar e a xeral.
- 15.-** A que pensas que pode ser debido que os capilares cheguen a ter un tamaño microscópico?
- 16.-** Que diferenzas hai entre os alvéolos e os capilares?
- 17.-** Todos os animais vertebrados, incluídas as persoas, dise que teñen un sistema circulatorio pechado, mentres que case que todos os invertebrados dise que teñen un sistema circulatoria aberto, que quere dicir isto?
- 18.-** Que consellos sobre alimentación darías a unha persoa que sofre arterioscleroses?
- 19.-** Que lle ocorreu, no seu sistema circulatorio, a unha persoa que "tivo un trombo"?
- 20.-** Explica que son un/nuha cardiólogo/a, angiólogo/a e un/unha hematólogo/a.
- 21.-** Que partes do noso corpo interveñen na eliminación de substancias de refugallo?
- 22.-** Realiza un esquema sobre a función de excreción.
- 23.-** Que diferencia a un uréter dunha uretra?
- 24.-** Existen diferenzas entre o aparello excretor masculino e o feminino?
- 25.-** Moitas veces compáranse os riles cun coador, por que se fará esta comparación?

- 26.-** Terás escoitado a expresión “ten a urina moi cargada” a que crees que se refire esta expresión?
- 27.-** Unha persoa foi ingresada nun hospital na planta de nefroloxía, cal pode ser a súa doenza?
- 28.-** Que é unha glándula sudorípara?
- 29.-** Que é a dermis?
- 30.-** Cal é o motivo polo que as glándulas sudoríparas precisan da auga?
- 31.-** Unha das funcións da suor é a de actuar de termo-regulador do noso corpo. Que quere dicir isto?
- 32.-** Os cans non súan, por que?